



*Sede da Fundación Xosé Neira Vilas, en Gres (Vila de Cruces)*

# A FUNDACIÓN XOSÉ NEIRA VILAS

**Luis Reimón**

Fundación XNV

Vaia por diante o fondo agradecemento do padroado da Fundación Xosé Neira Vilas aos responsables da revista Raigame por esta publicación-homenaxe que complementa a que veu a luz co número 35 en novembro do ano 2011. Daquela conmemorábase o cincuentenario da publicación de *Memorias dun neno labrego* e o propio escritor colaborou nela. Nesta ocasión non puido ser, pero o espírito de Pepe Neira, a súa indeleble pegada e a inmensa obra que nos deixou están máis presentes que nunca, non só na fundación que leva o seu nome senón en toda Galicia, tanto na territorial coma na que está dispersa polo mundo enteiro. Así o comprobamos a diario coas continuas manifestacións de agarimo, respecto, gratitude e admiración que se ven recibindo dende que fai uns meses emprende esa viaxe final coa satisfacción, iso si, do deber cumprido.

## ANTECEDENTES

Conta o sobriño do escritor e compañeiro do padroado da fundación, Fernando Redondo Neira nesta mesma revista, a súa vivencia

cando participou na descuberta da pedra conmemorativa do lugar de nacemento de Neira Vilas. Estaba xa moi andado o ano 1982 e foi, efectivamente, esta primeira pedra o inzo do que dez anos despois, sería a Fundación que tanto significado tería na vida do escritor, onde atoparía asento para continuar coa súa proverbial creatividade literaria.

Fernando era un neno e eu, que xa pasaba da trintena vivín aquilo con emoción e interese, cargado co tomavistas e as cámaras fotográficas (das que levaban carrete) e, a ben seguro, bastante alleo á transcendencia real daquel acto en aparencia tan sinxelo. Acudiu xente de toda Galicia. Intelectuais, autoridades, políticos, colexios, grupos folclóricos e, por suposto, familiares, veciños e amigos do escritor de Gres. Todos menos Pepe e Anisia que estaban na illa caribeña e recibiron por carta cumprida información do acontecido. Manuel Reimón Portela entendeu que tiña chegado o momento de reivindicar publicamente a figura daquel home que sendo mozo ía á súa casa na procura do médico para que atendese aos seus pais doentes e que, co paso do tempo, converte-

**Manuel Reimón Portela entendeu que tiña chegado o momento de reivindicar publicamente a figura daquel home que sendo mozo ía á súa casa na procura do médico para que atendese aos seus pais doentes e que, co paso do tempo, converteríase nun dos escritores máis auténticos que deron as nosas letras.**



*Parte do Padroado da Fundación Neira Vilas en 2013*

**A fundación recén creada supoñía unha excelente oportunidade para resarcirse dunha das carencias que máis lamentaba na súa mocidade: a falta de libros no rural galego [...] Dinamízase culturalmente dende Gres unha ampla comarca, é dicir, cúmprese o desexo do matrimonio soñado durante anos.**

riase nun dos escritores máis auténticos que deron as nosas letras. Organizou o acto, encargou a pedra, pediulle a Isaac Díaz Pardo que lese o manifesto e a Fernando que lle falase ao seu tío coa linguaxe de Balbino. Todo isto en presenza de Manuela Vilas, a nai de Neira que recibía emocionada e seguramente algo desconcertada o oportuno ramo de flores.

A idea de crear unha fundación xa rebullía na cabeza. Virían despois varios anos de conversas, negociacións e algún que outro atranco. Non ven a conto afondar na intrahistoria do proceso, o que realmente interesa é que non ano 1993 asinábase en Compostela a escritura notarial que dá fe da constitución da Fundación Xosé Neira Vilas, declarada posteriormente de interese cultural e de interese galego.

## **COMEZA A ACTIVIDADE**

Era un proxecto ilusionante. Neira Vilas contaba 21 anos de idade cando embarcou no porto de Cádiz con destino á Arxentina. Un emigrante máis que por motivos económicos viuse obrigado a abandonar aquela Galicia deprimida e buscar sustento do outro lado do océano. A fundación recén creada supoñía unha excelente oportunidade para resarcirse dunha das carencias que máis lamentaba na súa mocidade: a falta de libros no rural galego. Así, unha vez formado o padroado, comeza a actividade diaria na reconstruída "casa do romano" ou "casa vella" como era coñecida pola familia. Coa inestimable axuda de Anisia Miranda, a compañeira de por vida, ponse en marcha unha biblioteca. Fanse préstamos de libros a domicilio, organízanse actos de todo tipo: charlas, mesas



Parte do Padroado da Fundación Neira Vilas en 2016

redondas, presentación de libros, cursiños, concertos, premios literarios... Dinamízase culturalmente dende Gres unha ampla comarca, é dicir, cúmprese o desexo do matrimonio soñado durante anos.

Así as cousas, a casa que vira nacer ao "pai" de Balbino alá polo ano 1928 da que quedaba en pé pouco máis que as paredes e parte do tellado en estado ruinoso, rexurde das súas cinzas en virtude do proxecto elaborado polo arquitecto pontevedrés César Portela por encargo da Xunta de Galicia en estreita colaboración coa Deputación de Pontevedra e o concello de Vila de Cruces. Restaurouse a casa vella e construíuse un edificio anexo, de planta cuadrangular que albergaría a vivenda –no primeiro andar- e un salón de actos no baixo, xunto cunhas pequenas dependencias para almacén e servi-

zos. Este foi dende aquela o cuartel xeral do matrimonio de escritores. Pasaron por Gres milleiros de visitantes dende entón. Pepe e Anisia, Anisia e Pepe recibían con agrado a cantos quixeron achegarse ata esta fermosa parroquia fluvial bañada polos ríos Ulla e Deza, en pleno camiño a Santiago, a poucas centenas de metros das lendarias insuas e da ponte medieval que permite cruzar de Terras de Carbia a Boqueixón gozando dunha vista paradisíaca.

Neira Vilas sentíase cómodo, nun ambiente propicio para escribir, conversar e traballar por esa Galicia da que nunca se ausentou a pesares de estar fora dela durante 43 anos.

Partidario de recoñecer o labor dos seus amigos e colaboradores foi dando nome ás dependencias da fundación. A biblio-

**Partidario de recoñecer o labor dos seus amigos e colaboradores foi dando nome ás dependencias da fundación. A biblioteca infantil pasou a chamarse Biblioteca Anisia Miranda, o salón de actos está bautizado como Luís Seoane e o museo etnográfico chámase Manuel Reimóndez Portela.**



*Neira Vilas con Anisia, Díaz Pardo e Maruxa, viúva de Seoane, o día no que a sala de exposicións e concertos da entidade recibía o nome do pintor Luís Seoane. 2002*

**Coa creación dos premios literarios "Arume", de poesía e "Estornela", de teatro, a fundación que presidía o propio Xosé Neira Vilas pretendía estimular a creación literaria dirixida a nenos e adolescentes.**

teca infantil pasou a chamarse Biblioteca Anisia Miranda, por ser ela artífice da posta en marcha e funcionamento da mesma. Dedicou centos de horas de traballo e mesmo tivo tempo para axudar a facer os deberes escolares aos meniños da comarca que se achegaban ata a fundación. O salón de actos está bautizado como Luís Seoane e o museo etnográfico chámase Manuel Reimóndez Portela honrando así a memoria destes dous persoeiros que, en etapas diferentes, mantiveron unha intensa relación co escritor. Queda pendente dedicar un espazo ao gran Isaac Díaz Pardo, amigo fiel que estivo sempre presente dende os tempos de Buenos Aires.

Coa creación dos premios literarios "Arume", de poesía e "Estornela", de teatro, a fundación que presidía o propio Xosé Neira Vilas pretendía estimular a creación literaria dirixida a nenos e adolescentes. Celebrábanse en anos alternos e obtiveron grande éxito de participación, proporcionando obras de teatro para ser lidas e interpretadas polos máis cativos e libros de poesía axeitados para iniciar aos nosos nenos no engaiolante mundo da lírica.

O carácter afable, comunicativo e accesible de Neira Vilas propiciou que a fundación tivese presenza en cada pobo, vila cidade ou aldea da nosa xeografía. Pepe



Neira desprazábase continuamente para achegar a súa obra e fomentar o uso da nosa fala en calquera lugar que era chamado. Colexios, casas da cultura, fundacións e asociacións de todo tipo foron beneficiarias das charlas, conferencias e presentacións de libros sempre amenas e interesantes. Paulatinamente virían os recoñecementos tanto para a fundación coma –principalmente– para o creador literario (ou labrego das letras coma foi alcumado). A exposición itinerante “Querido Balbino” organizada pola Consellería de Cultura e a fundación con motivo do cincuentenario da publicación de “Memorias”, da que ti ven a honra de ser comisario xunto co entrañable amigo Valentín García, foi un éxito rotundo de asistencia e participación en toda Galicia.

## PROXECTO DE FUTURO

O legado que Neira deixa na fundación pódese cualificar de inmenso, correspondendo ao padroado o labor de continuar coa obra na que puxo tanto empeño. A principal finalidade foi sempre a difusión da lingua e cultura galegas no senso máis amplo posible, así como a custodia e garantía de permanencia da obra escrita de Xosé Neira Vilas. Estase traballando para converter en visitable a totalidade das dependencias do edificio dada a constante afluencia de visitas que van a máis. Tamén esta previsto ter a corto prazo ao dispor de estudosos e investigadores todo o material relacionado coa

vida e obra do escritor: libros, manuscritos, cartas, artigos de prensa, entrevistas, fonoteca, videoteca, fotografías, etc., etc. É así mesmo responsabilidade da fundación a relación coas editoriais, atender as reedicións dos seus libros e custodiar todos aqueles obxectos que foi acumulando durante toda unha vida. Organizar actos culturais no rural e manter a actividade diaria que se ven producindo dende a creación deste Centro Cultural de Gres. Convocouse o “Premio Xosé Neira Vilas de novela curta” e farase en breve a convocatoria do “Premio Anisia Miranda de teatro”.

Mención aparte merece a obra inédita que nos deixou pendente de publicación que se irá dando a coñecer paulatinamente. Narrativa, libros-CD, dietarios, etc. verán a luz coa inconfundible sinatura do “mago de Gres” que segue a colectar homenaxes, recoñecementos e, o que é máis importante, milleiros de lectores.

Coñecín a Xosé Neira Vilas o mesmo día que pisou terra galega na primeira viaxe que fixo nesas “vinte anos retornando”. Van alá pois máis de corenta anos. Cando alguén lle presentaba un proxecto ou iniciativa que el consideraba axeitada, viable e oportuna animaba ao interesado cun enfático ¡adiante!. Dende a Fundación convencidos de que así o farían Pepe e Anisia, desexamos larga vida para a revista Raigame pola súa continua e inestimable colaboración á cultura galega. Queridos amigos: ADIANTE!

**A principal finalidade [da Fundación Neira Vilas] foi sempre a difusión da lingua e cultura galegas no senso máis amplo posible, así como a custodia e garantía de permanencia da obra escrita de Xosé Neira Vilas.**